

## Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.


Novembro 2009

### NOTA DE PRENSA

#### En novembro de 2009 os prezos dos bens exportados e importados en Galicia diminuíron en termos interanuais un 5,7% e un 6,1% respectivamente

Segundo os datos da operación “Índices de valor unitario para o comercio exterior”, elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os prezos dos bens exportados na Comunidade Autónoma de Galicia diminuíron un 5,7% en novembro de 2009 con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Para os bens importados, os prezos experimentaron unha diminución interanual do 6,1%.

No que vai de ano, os prezos dos bens exportados diminuíron un 3,4% e os dos importados un 11,4%.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

#### Clasificación por destino económico dos bens

Atendendo á clasificación por destino económico, a variación interanual dos prezos das exportacións de bens de equipo foi do -0,9%. Os prezos dos bens de consumo e dos bens intermedios diminuíron un 3,7% e un 10,8% respectivamente.

Nas importacións, os prezos dos bens de equipo diminuíron un 10,4%, os dos bens intermedios un 6,8% e os dos bens de consumo un 3,6%.

## Índices de valor unitario para o comercio exterior. Novembro 2009

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
<b>ÍNDICE XERAL</b>	<b>-5,7</b>	<b>-3,4</b>	<b>ÍNDICE XERAL</b>	<b>-6,1</b>	<b>-11,4</b>
Bens de consumo	-3,7	-3,9	Bens de consumo	-3,6	-3,4
Bens de equipo	-0,9	10,5	Bens de equipo	-10,4	5,2
Bens intermedios	-10,8	-6,4	Bens intermedios	-6,8	-14,8

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais

### Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico das exportacións de bens, produciuse unha diminución interanual do 3,1% para os bens con destino á UE-25. Os prezos dos bens con destino a países pertencentes á Unión Económica e Monetaria diminuíron un 3,7%, os da OCDE un 4,8% e o resto de países un 10,5%.

Por orixe dos bens importados, os prezos dos bens procedentes de países pertencentes á OCDE diminuíron un 1,9% e os procedentes do resto de países un 14,7%.

## Índices de valor unitario para o comercio exterior. Novembro 2009

Clasificación por orixe/destino xeográfico

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
UEM	-3,7	-5,4	UEM	-4,7	-13,8
UE-25	-3,1	-5,3	UE-25	-5,9	-13,0
OCDE	-4,8	-4,2	OCDE	-1,9	-11,9
Resto de países	-10,5	1,8	Resto de países	-14,7	-10,2

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais; UEM: Unión Económica e Monetaria

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

[http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_ivus\\_ref\\_2005\\_ga.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ivus_ref_2005_ga.pdf)

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>